

Nº 8042

Regramento das "Irmandadés da Fala"

Irmandade,  
de Betanzos

REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

F 4572


Biblioteca



A CRUSA

Imp. de LA PAPELERA GALLEGA

1918



Regramento das "Irmandades da Fala"


---

Irmandade  
de Betanzos



A CRUÑA  
Imp. de LA PAPELERA GALLEGA

1918





REGRAMENTO  
DA  
IRMANDADE DA FALA, DE BETANZOS

CAPÍTULO I

FÍS DA SOCIEDADE

Artigo I. Ista sociedade ten por oxeto o engrandecemento da nosa terra en todol-os ordes. Por iso seu lema ha de ser: "TODO POR GALICIA E PRA GALICIA".

Art. II. Considerando necesario para o desenvolvemento natural d'ela un réximen de seu, a IRMANDADE traballará de cote pra conquistar unha ampla autonomía pra Galicia en todol-os ordes.

Art. III. Por ser a fala o elemento que mais distingue ôs pobos e mais fixa seu carater, e polo tanto, n-iste caso, o millor prá formación d'un común espírito galeguista, a IRMANDADE porparará por todol-os medios o emprego do noso idioma.

Por iso chámase IRMANDADE DA FALA: por ser o da Fala o primeiro problema que preséntanos a realidade.

Art. IV. Tamén traballará sempre a IRMANDADE pola solución d'aquiles problemas que, sendo

colectivos e permanentes, contribúan directamente ó progreso de Galicia.

Art. V. Pol-o tanto, traballará pol-a difusión da cultura científica, literaria e artística de Galicia en todol-os ordes; estudiará as nosas custións económicas, xurídicas e sociaes; e sendo a custión agraria a mais intresante, atenderá fundamentalmente á organización dos labregos.

Art. VI. E pol-o derradeiro, sendo a política o goberno do pobo, e dependendo do bon goberno o seu progreso, fará labor política de porpanda e d'aición.

Art. VII. Para o millor cumprimento d'istes oxetos, formaranse drento da IRMANDADE catro seicións, nomeadas:

- 1.<sup>a</sup> Seición de cultura e fala.
- 2.<sup>a</sup> Seición d'economía e estudos sociaes.
- 3.<sup>a</sup> Seición agraria.
- 4.<sup>a</sup> Seición política.

## CAPÍTULO II

### DOS IRMANS

#### SEU INGRESO N-A SOCIEDADE.—DIREITOS E DEBERES

Art. VIII. Poiden ser socios todol-os galegos —homes e mulleres—maores de 16 anos, e todos aqueles que, sin ser galegos de nacemento, o sexan de corazón.

Os socios d'outras Irmandades que veñan, permanente ou temporalmente residir a iste pobo, serán considerados irmans d'ista.

Co-as mulleres que ingresen n-ela, formarásen

unha seición feminina que se rexirá por si mesma, nomeando de seu unha direitiva igual á da IRMANDADE, si ben o Persidente d'ista será común a ambas.

Art. IX. Donde non haxa Irmandade da Fala, as mulleres poiden creal-a. Dita Irmandade terá a mesma autoridade que si fora d'homes.

Art. X. O ingreso pediráse por esquirto ou verbalmente a un membro da Direitiva. Denspois, o nome do intresado pôrase de manifesto durante catro días, pra que os socios poidan informar ô Consello sobor do mesmo. Sua admisión ou negativa acordaráse por votación segreda da Direitiva n-a pirmeira xuntanza.

Art. XI. Serán deberes dos socios:—1.º Axudar pol-os medios que poida ô cumprimento dos fis da IRMANDADE.—2.º Formar parte das comisións ou Direitiva pra que fose nomeado, salvo causas razonabres.—3.º Aceptar—sempre que poida—aquiles traballos ou estudos que calquera das catro seicións xa nomeadas lle propuxese.—4.º Abonal-a cuota social: sua cantidade será voluntaria, e non menor d'unha peseta ô mes. O que pasare tres meses sin abonal-a, será considerado baixa.

Art. XII. Cada irmán terá dereito:—1.º A ser eleitor y elexible.—2.º As ventaxas que'a sociedade reporte: como festas, veladas, conferencias, etc.—3.º A espoñer á Direitiva calquer proieito, observazón ou queixa que garden relación co-a IRMANDADE.—4.º A facer cumprir o Regramento. N-istes dous derradeiros casos pedirá asistencia á xunta que a Direitiva celebre e n-ela espoñerá a sua pretenção. Si a Direitiva a considera valeira de fundamento e oportunidade, retirarálle o dereito a ser oido mais veces, esceito n-as xuntas xeneraes.

Vinte socios terán dereito a pedir xunta xeneral. Mas pra iste caso, como para ter dereito a ser eleitores y-elexibres, terán de levar seis meses polo menos de alta n-a Irmandade.

## CAPITULO III

### ORGANIZACION DA SOCIEDADE

#### DA XUNTA DIREITIVA

Art. XIII. A Xunta Direitiva compôrase d'un Conselleiro primeiro, d'un Conselleiro segundo ou Vice-conselleiro, Segretario e Vice-segretario, Tesoureiro, Contador, Bibliotecario e cinco Vocales. Os cárragos serán gratuitos e obrigatorios denspois d' aceptados.

A Direitiva será renovada anualmente en xunta xeneral.

Art. XIV. Son atribucións da Direitiva:

- 1.<sup>a</sup> Repersentar, dirixir e adiministrar a Irmandade.
- 2.<sup>a</sup> Nomear ós Vocales e Persidentes das Seicións e Comisiós e determinar o cando e o como da sua aituazón.
- 3.<sup>a</sup> Apricar e interpretar o Regramento.
- 4.<sup>a</sup> Acordar e apicar o que mais conveña pra arbitrar recursos ordinarios y-extraordinarios.
- 5.<sup>a</sup> Acordar cando deba sostêrse algún litixio en defensa d'algún irmán.
- 6.<sup>a</sup> Nomear, suspender e separar empregados, e fixarlles soldada.
- 7.<sup>a</sup> Desinar substitutos ós individuos da Direitiva enfermos.



- 8.<sup>a</sup> Aprobar ou desaprobar as xestións de cada individuo da mesma.
- 9.<sup>a</sup> Desinar o membro que terá de representar á Irmandade n-a Asambleira xeneral das mesmas que cada ano celebrárase en donde elas acorden.
- 10.<sup>a</sup> Chamár a atenzón ô socio que falte ôs seus deberes, y expulsal-o cando reincida repetidamente, dando conta de tal determinazón n-a primeira xunta xeneral.
- 11.<sup>a</sup> Todas aquelas consinadas en calquera outra parte do Regramento.

Art. XV. A Direitiva terá xuntanza unha ves pol-o menos á semana, fixando n-a primeira o día ou días en que han de celebrarse. Ademais d'istas xuntanzas ordinarias, celebráranse aquelas extraordinarias que o Persidente xusgue comenentes.

As xuntas serán válidas con calquer número de asistentes, a non ser as extraordinarias, pr'ás que requirírase maoría.

Art. XVI. O final-a sua xestión, na xunta xeneral ordinaria que celebrárase anualmente pra ele-xir nova Direitiva, persentará unha *Memoria* comprensiva de cantô fixo n-amentras rixeu á Irmandade. Dita memoria é discutibre pol-os socios. N-isa mesma xunta nomearáse unha comisión revisora de contas, composta por tres socios, a que ditaminará sobor das mesmas n-a toma de posesión da nova Direitiva.

#### DO CONSELLEIRO

Art. XVII. É o representante da Irmandade, e n-o seu nome intervirá en todos aqueles asuntos que c-os fíís da mesma se relacionen.

Pol-o tanto correspóndelle:

- 1.º Promover todo canto poida convir ó prestixio d'ela.
- 2.º Ordenal-os pagos e otorgal-os contratos, públicos ou privados, que a Direitiva hou-bese acordado.
- 3.º Cumprir e faguer cumprir o Regramento e os acordos da Direitiva.
- 4.º Convocar as Xuntas e Asambleias, e dirixir o debate n-as mesmas.
- 5.º Firmar c-o Segretario a correspondencia e poñel-o V.º B.º en todol-os estados e comprobantes.
- 6.º Ser vocal nado n-o DIREITORIO das Irmandades que debe de constituirse por total-as de GALICIA federadas.

#### DO VICE-CONSELLEIRO

Art. XVIII. Sustituirá ó Conselleiro, cando iste faltase por ausencia, doenza, incompatibilidade, ou por calquer outro motivo.

Firmará c-o Contador os boletos da cuota social.

Será Persidente nado da segunda seición.

N-os demais casos, terá caraiter de vocal.

#### DO TESOUREIRO

Art. XIX. Son suas funcións:

- 1.ª Ter ó seu cárrago e baixo sua responsabilidade os fondos da Irmandade.
- 2.ª Realizal-os pagos acordados pol-a Direitiva c-o V.º B.º do Conselleiro.

- 3.<sup>a</sup> Levar a contabilidade, por datas e conceptos, das entradas e salidas; istas c-os seus comprobantes.
- 4.<sup>a</sup> Dar conocimiento ô Contador dos gastos e dos ingresos.

#### DO CONTADOR

Art. XX. Correspóndelle:

- 1.<sup>o</sup> Levar a contabilidade da Irmandade, detallando con precisión e xustificantes a cantidade e procedencia das entradas e o entrego das mesmas ô Tesoureiro pol-os recibos qu'iste lle firme, e anotando as salidas que o mesmo Tesoureiro lle comunique.
- 2.<sup>o</sup> Recoller, de quen-as teña, total-as cantidades pra entregarllas ô Tesoureiro.
- 3.<sup>o</sup> Faguer y-espoñer en sitio visibre, pra conocimiento dos irmáns, un estado mensual de todol-os gastos e ingresos, c-o *Conforme* do Tesoureiro e o V.<sup>o</sup> B.<sup>o</sup> do Conselleiro. Ditos estados serán base e garantía pr'á conta de fin de ano, que tamén ten obriga de faguer o Contador.

#### DO BIBLIOTECARIO

Art. XXI. Correspóndelle:

- 1.<sup>o</sup> A direizón e conservazón da Biblioteca.
- 2.<sup>o</sup> A catalogazón das obras por autores e materias.
- 3.<sup>o</sup> Valerse dos medios que a Irmandade lle dé e pol-os que a sua iniciativa ll'indique pra aumental-a e milloral-a.
- 4.<sup>o</sup> Autorizar a entrega de libros pr'á sua

leitura pol-os socios, cando considere oportuno e baixo súa responsabilidade. Será Persidente nado da primeira Seición.

#### DO SEGREDARIO

Art. XXII. Serán obrigacións do Segretario:

- 1.<sup>a</sup> Levar un libro de actas e redatal-as mesmas.
- 2.<sup>a</sup> Outro libro de alta e baixa dos socios.
- 3.<sup>a</sup> Redaital-a *Memoria* pr'á xuntanza de fin de ano.
- 4.<sup>a</sup> Ter ó seu cãrrego o arquivo e documentos da Sociedade; contestal-a correspondencia que non sexa escrusiva do Conselleiro; firmar c-o mesmo a documentazón oficial; firmal-os boletos, y-en xeneral todos aqueles asuntos que refiranse ô orde e marcha interior da Sociedade.

#### DO VICE-SEGREDARIO

Art. XXIII. Sustituirá ô Segretario cando iste non poida actuar, e será súa especial obrigazón cubrir os boletos das cuotas sociaes.

#### DOS VOCALES

Art. XXIV. Por turno d'eleición, sustituirán ô Vice-conselleiro, Vice-segretario, Contador e Bibliotecario, cando istes non poideran actuar. O Tesoureiro soilo terá sustituto nomeado especialmente pol-a Direitiva.

Están obrigados a asistir ás xuntanzas, n-as que

terán as mesmas prerrogativas que os mais pra proñoer, discutir e votar.

Desempeñarán tódal-as comisións e desinazós que a Xunta Direttiva lles faga, e formarán unha Comisión Permanente pra todos aquiles asuntos de soluzón qu'eisi o requira, especialmente actos púbricos, n-amentras non se considere preciso nomear comisións e peciaes.

Eisi os Vocales, como os demais membros da Direttiva, cando s'alcontren imposibilitados de asistir ás xuntas ou desempeñar seus cárregos, comunicaran-o de contado ó Conselleiro pra substituí'os.

## DELEGACIÓS

Art. XXV. Os socios da Irmandade poderán ser da localidade ou de fora. N-iste derradeiro caso, para ser admitido faise preciso que n-o pobo da sua residencia non haxa Irmandade, ou a non haxa mais cercana, pois en todo caso deberá inscribirse n-a que lle cadre mais preto.

Os socios de fora serán considerados como representantes da Irmandade n-o sitio donde habitualmente residan. Cando n-un d'ises puntos haxa dous ou mais socios, dend'ise momento serán considerados coma unha Delegación da Irmandade, que pol-o mesmo terá tantas como núcleos de socios teña fora da localidade.

Art. XXVI. Cada Delegación nomeará seu presidente; mais sinón quixese usar de tal prerrogativa, queda facultada para tal nomeamento a Direttiva da Irmandade.

Art. XXVII. Iestas Delegacións terán por oxeto:

- 1.º A porpaganda.
- 2.º Servir de comunicación entre a Direitiva e os asociados.
- 3.º Asesorar á Direitiva en todos aquiles asuntos pra os que requiran seu concurso.
- 4.º Servir de base pra creazón de novas Irmandades. En consonancia con iste oxeto final, cando o grupo de individuos d'unha Delegación sexa numeroso, procurarán constituirse en Irmandade.

## CAPÍTULO IV

### DAS SEICIÓS

#### SEICION DE CULTURA E FALA

Art. XXVIII. Ista seición, que será nomeada, com'as demais, pol-a Direitiva da Irmandade, e composta pol-o Bibliotecario, como Persidente, e seis socios, un d'eles Segretario, terá por oxeto escrusivo o estudio e realización dos ffs seguintes:

- 1.º Formar e millorar unha biblioteca fundamentalmente galega, xa pol-os autores, xa pol-as materias. Pra iste oxeto contará cós recursos qu'a Irmandade lle proporcione, mais a donazón dos socios e dos autores, ôs que pediranselles suas obras.
- 2.º Crear unha cátedra de galego, coa colaboración dos inteleituales que queiran e poidan prestar axuda.
- 3.º Procurar a divulgazón e fixación do galego, faguendo e axudando a faguer e im-

prentar gramáticas, dicionarios, y-en xeneral, libros galegos.

- 4.º Dar conferencias en galego, por cursos ou singulares, dentro e fora da Irmandade, e contribuir, n-unha verba, por todol-os xeitos, ó emprego da nosa fala.
- 5.º Traballar pol-o progreso do ensino, formando un plan pedagóxico n'a educación galeguista do noso pobo.
- 6.º Pôrse en relacións coas sociedades d'Instrución creadas pol-a colonia galega das Américas, pra oriental-as armónicamente n-un senso mais galeguista.
- 7.º Pôrse d'acordo coas seicións similares das demais Irmandades pra chegar a conquistar un xornal esquirto en galego.
- 8.º Traballar do mesmo xeito pra conquistar tamén unha editorial galega.
- 9.º Procurar o inter-troque cos centros culturais de Portugal.

#### SEIÇÃO D'ECONOMIA E ESTUDIOS SOCIAES

Art. XXIX. D'ista seición, formada com'a anterior, será Persidente nado ó Vice-conselleiro da Irmandade; e seus ffs serán:

- 1.º Atender ó progreso xeneral de Galicia, estudiando e alentando toda finalidade que leve iste senso, relacionándose cós centros industriaes, organismos, etc., pra adiquirir datos e aprical-os donde conveña pra calquer millora xeneral ou local, fomentando o traballo e sua organizazón.
- 2.º Estudiar e pñer en conocimiento da Irmandade as estradas, camiños de ferro e

veciñias mais indispensabres n-a comarca, pra crear opinión qu'esixa sua construción, e atender, n-unha verba, tod'o que coas comunicazós se relacione.

- 3.º Formar estadística das colleitas, riqueza industrial, balanza mercantil, etc., da comarca; é dicir, formar un cadro de estadísticas que sexa o gráfico da nosa economía, pra facilitar o estudo dos nosos problemas.
- 4.º Dar conferencias—n-o campo principalmente—de ensino social-agrícola, e tamén faguer propaganda esquirta.
- 5.º Estudiar os mercados pra' os productos da nosa terra, implantazón de feiras industriais; n-unha verba, divulgazón dos medios, datos e coñecimentos pra o desenrolo do noso comercio.

#### SEIÇÃO AGRARIA

Art. XXX. Ista seição, cuio Persidente será un membro da Direitiva nomeado pol-a Direitiva mesma, atenderá principalmente:

- 1.º A organizazón de sociedades agrarias, vigorizando as existentes e creando outras novas, sempre parroquiaes e baixo un plan determinado pra federal-as denspois entre si.
- 2.º Estudiar e porpagar o crêto agrícola por medio de caixas ruraes, eisi como tamén organizazós que favorezan ô labrego e á agricultura.

Todas istas organizazós formarânse por un orden preconcebido, levando todas a mesma orien-



tazón xenerai, e con relación a un sistema que comprenda toda Galicia, pra chegar das organizacións mais pequenas hasta ás mais grandes federacións, cooperativas e centros rexionaes.

- 3.º Atender e defender total-as queixas e recramazóns xustas dos labregos contra os abusos da administración e dos caciques.
- 4.º Levar un estado de todol-os atropellos en qu'houberán sido parte, pra faguer a fin de ano un historial documentado do caciquismo en Galicia.

#### SEICION POLITICA

Art. XXXI. Formada com'as demais, seu Presidente será o da IRMANDADE.

Serán suas funcións:

- 1.ª Faguer porpaganda política por medio de mítis, xornales, folletos, etc.
- 2.ª Propoñer e traballar calquer crase de eleccións, dirixindo a porpaganda.

Cando se trate de eleccións municipais, os candidatos serán nomeados por votación segreda en xunta xenerai da IRMANDADE do Auntamento de que se trate.

- 3.ª Propoñer á IRMANDADE a desinazón de delegados que elixan os candidatos pra diputazón a Cortes e provincial. Ista desinazón farase da forma seguinte: a IRMANDADE, en xunanza xenerai, desinará un delegado que a repersente n-a reunión de total-as Irmandades do distrito eleitoral, que terá de celebrarse para nomear, percisamente n-ela, ós candidatos.
- 4.ª Perseguir todol-os atropellos eleitorales;

levar un estado dos abusos cometidos e faguer un estudio dos medios pra impedil-os, estudio que persentárase n-a Asambreira anual das Irmandades.

- 5.<sup>a</sup> Procurar a maior eficacia da porpaganda eleitoral, atendendo mais a formar cidadans que a conquistar votos inciviles.

Art. XXXII. Cada unha das catro seiciós nomeadas, dará semestralmente conta á IRMANDADE dos traballos realizados, por medio d'unha conferencia a cárrego de calquera dos seus Vocales.

## CAPÍTULO V

### DAS XUNTAS XENERAES

Art. XXXIII. O pirmeiro d' Abril de cada ano celebrarase xunta xeneral pra elexir nova Direitiva e dar a saliente conta da sua actuazón. Tamén poderanse celebrar xuntas xeneraes extraordinarias cando eisi o acorde a Direitiva por motivo bastante. Da mesma maneira vinte socios poderán pedir xunta xeneral extraordinaria, o que farán por esquirto y-espoñendo o motivo da sua pretensión á Direitiva.

En ningún caso poderán celebrarse duas xeneraes n-un mesmo mes.

Art. XXXIV. O Persidente abrirá a sesión, e o Segretario lerá a convocatoia, que terá de faguerse con catro días de antipazón pol-o menos. Denspois darase lectura a acta da derradeira xeneral, a que se someterá a discusión sinon fora aprobada de cote. De contado pasarase á orde do día.

O discutir calquer asunto, o Persidente soilo

concederá tres turnos en pró e tres en contra de cada punto do mesmo.

Art. XXXV. A eleizón de cáregos farase por votación segreda.

Elexida nova Direitiva, tomará posesión n-o primeiro día festivo do mes de Maio, en xunta xeneral n-a que a *Comisión de contas* dará coñecimento do seu dictamen.

Tanto n-ista como n-a derradeira xuntanza, calquer socio poderá faguer aquelas proposicións que xusgue mais comenentes, sempre drento d'un tempo prudencial, a xuício do Persidente.

## CAPÍTULO VI

### DO DIREITORIO

Art. XXXVI. Todal-as Irmandades de Galicia federadas constituirán un *Direitorio*, e será seu oxeto a outa Direizón das mesmas, fixar orientacións colectivas, y-en xeneral, intervire todos aqueles asuntos que pol-a sua importancia afeiten a mais d' unha Irmandade.

Art. XXXVII. O *Direitorio* formaranos Persidentes de total-as Irmandades, como Vocales nados, qu'elixirán de entr'eles un que os persida. Haberá ademais un Vice-persidente, un Segredario xeneral e outros catro Vocales, que serán sempre socios de algunha Irmandade residentes n-a Cruña, cuios seis individuos compôrán o *Comité executivo*, necesario pra realizal-o acordado pol-o *Direitorio* e acordar as cousas de trámite ordinario.

Art. XXXVIII. O *Direitorio* celebrará unha sesión anual, n-o sitio que acorde a maioría. Ta-

mén celebrará sesións extraordinarias cando asuntos de transcendencia o esixan.

Pra resolver asuntos especiaes ou propostos por calquer membro, o *Comité executivo*, que residirá n-a Cruña, comunicara-o por esquirto atodol-os individuos do *Direitorio*; y-estos darán, por esquirto tamén, seu parecer. O *Comité* dará por firme a solución proposta pol-a maioría.

Art. XXXIX. O *Direitorio* acordará o día e sitio en que terá de celebrarse a Asamblea anual das Irmandades pra fixal-as concrusiós dos estudos realizados n-o ano e leval-os a práctica.

Finada, a Asamblea, o *Direitorio* dirixirá un manifesto ô país, comprensivo das concrusiós acordadas.

Art. XL. Os gastos do *Direitorio* serán costeados pol-as Irmandades a prorratio, según seu número de socios.

## DISOLUCION DA SOCIEDADE

Art. XLI. Non poderá disolverse n-amentras doce socios queiran seguila.

Disolta, os fondos seus serán entregados ô *Direitorio*.

Art. XLII. Para ser reformado iste Reglamento, percásase que o pidan as duas terceiras partes dos asociados, pol-o menos.

---

---

## INDICE

	Páxinas
Fis da Sociedade.....	3
Dos Irmans.....	4
Da Xunta Directiva.....	6
Do Conselleiro.....	7
Do Vice-Conselleiro.....	8
Do Tesoureiro.....	8
Do Contador.....	9
Do Bibliotecario.....	9
Do Segredario.....	10
Do Vice-Segredario.....	10
Dos Vocales.....	10
Das Delegacións.....	11
Seición de Cultura e Fala.....	12
Seición d'Economía e Estudos Sociaes.....	13
Seición Agraria.....	14
Seición Política.....	15
Das Xuntas Xeneraes.....	16
Do Directorio.....	17
Da disolución da Sociedade.....	18

